***GRUPO DE TRABALLO DE CULTURA***

:

# Informe-proposta do GdT-Cultura para a modificación dos estatutos do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

## Argumentación

Durante os meses de xullo e agosto o Grupo de Traballo de Cultura puxo en marcha tres Comisións para tratar de desenvolver algunhas das liñas de acción propostas no programa de Compostela Aberta.
Unha destas comisións centrouse no desenvolvemento da Liña de acción 17:
***3.3. Liña estratéxica 9: Profesionalización***
*3.3.1.* ***Liña de acción 17****: Fomento da independencia e autonomía dos equipamentos culturais de referencia*
*3.3.1.1* ***Acción 42****: Revisión e actualización do modelo xurídico dos equipamentos culturais de referencia, centralizados no organismo que rexe o Auditorio de Galicia.*
*3.3.1.2.* ***Acción 43****: Convocatoria dun concurso público non só de méritos senón de proxecto a través dun contrato-programa para a dirección dos equipamentos de referencia.*
Estas accións pertencen ao *Reto 3: Transformar as políticas culturais municipais*, onde se sinala a intención de **profesionalizar**, **dotar de transparencia e dar autonomía xurídica e financeira aos equipamentos culturais de referencia**, dotándoos dun proxecto coordinado e duns obxectivos avaliables e públicos, ademais de órganos colexiados de **participación e control cidadán**."

## Resumo da Proposta

A primeira proposta do GdT de Cultura é a revisión e actualización dos estatutos do organismo Autónomo Auditorio de Galicia. Os obxectivos fundamentais desta proposta son:

- a mellora dos instrumentos de participación cidadá no goberno democrático das institucións culturais públicas,
- a garantía dunha dirección-xerencia profesional independente, obrigada a avaliación continua e a render contas da súa xestión.

## Advertencia e requisitos previos

Para encaixar axeitadamente este mecanismo máis democrático na xestión das institucións culturais municipais, o GdT-Cultura advirte tamén da necesidade de corrixir o organigrama de tarefas e funcións asumidas actualmente polo Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

O seu funcionamento ao longo dos últimos anos derivou ata convertir de facto este Organismo nunha especie de Concellaría de Cultura delegada, que foi absorvendo a capacidade de decisión, interlocución e execución que debería corresponder á concellaría, sobre todo no tocante á implementar á política cultural proposta polo goberno municipal. Tamén se advirte unha deriva nas funcións da dirección-xerencia, asumindo roles que deberían corresponder ao/a concelleiro/a de cultura, situación que provoca a confusión entre a dimensión técnico-profesional propia do cargo e a toma de decisións políticas que deberían quedar á marxe do mesmo.
Ao deixar de ser un posto de designación directa vencellado ao partido do goberno, a función da dirección-xerencia do OAAdG debe ser estritamente profesional e técnica, non debendo asumir decisións que correspondan ao ámbito político. Neste sentido, convén realizar un esforzo especial para clarificar, centrar e especificar o orzamento do OAAdG, desagregando do mesmo aquelas partidas que teñan que ver con cuestións de política municipal, como pode ser o apoio público a determinadas entidades e inciativas culturais de ámbito local.
Por outro lado, o GdT-Cultura é consciente da necesidade de chegar a un acordo con outras forzas políticas representadas no pleno do concello para a aprobación das modificacións do Estatuto do OAAdG que se pretende levar a cabo. Por tanto, as modificacións propostas son mínimas e perfectamente argumentables coa intención de facilitar que se poida chegar a un acordo.

## Descrición das modificacións propostas

**1. Revisión da linguaxe utilizada na redación dos estatutos para adaptala ás normas de linguaxe inclusiva amplamente aceptadas e usadas nas distintas administracións públicas.**
**2. Incluír expresamente a convocatoria dun concurso público para a selección da dirección-xerencia.**
**3. Desligar a duración do contrato de dirección dos períodos electorais, norma que xa recollen nos seus estatutos as principais institucións culturais en toda Europa.** Proponse unha duración de 5 anos, cunha prórroga máxima doutros 2 anos (así funcionan por exemplo todos os teatros nacionais dependentes do Ministerio de Cultura).

**3. Modificar a composición do Consello Reitor**

- Actualmente está composto por 5 concelleiros dos distintos grupos políticos representados no concello; 2 representantes das entidades patrocinadoras; 2 figuras de prestixio cultural; a persoa que exerce a dirección: e o alcalde, que resolve empates.
- Habería que reforzar a presenza do sector artístico e cultural e tamén da cidadanía, definindo mellor o perfil destes membros.
- E tamén reducir a duración do mandato dos membros non políticos a 3 anos, para asegurar a renovación e refresco constante do consello.
- **Proposta: 5 concelleiros; 2 representantes das entidades patrocinadoras** (vinculada á existencia de contratos de patrocinio); **2 profesionais do ámbito da cultura con experiencia** en xestión e innovación; **2 representantes do tecido asociativo (**Asociación de público/amigxs do Auditorio e asociacións profesionais), **Dirección e Alcaldía**

**4. Limitar a cantidade máxima de contratación que ten actualmente a comisión executiva, formada polo Alcaldía, Concelleira/o de cultura e Director/a, que é de 300.000€**

- Cantidade máxima de contratación de forma independente, limitada a 100.000 euros.
- Consultar este punto cos técnicos do Auditorio de Galicia en relación á eficiencia da xestión e autonomía de contratación.

## Artigos do estatuto do Auditorio de Galicia que deberían ser modificados

(queda pendente a revisión dos estatutos para aplicarlles unha linguaxe inclusiva)

**CAPÍTULO III**
**DO CONSELLO REITOR E O SEU PRESIDENTE**

**Artigo 7.1** O Consello Reitor, como órgano máximo de dirección do Auditorio de Galicia, asumirá as seguintes atribucións:

a) Eliminar a parte final da frase: "..e, de ser o caso, da área de cultura."
Redacción definitiva: "Elaborar e aprobar as liñais xerais de actuación do organismo autónomo."

**Artigo 7.2** O Consello Reitor en Pleno será nomeado polo Pleno da Excma. Corporación e estará integrado por:

a) Mantense: "O Alcalde/A alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, cinco concelleiros/as, dous representantes das entidades patrocinadoras."
Corrixir: dúas persoas profesionais do ámbito da cultura con experiencia en xestión e innovación cultural.
Engadir: "dúas persoas representantes do tecido asociativo: unha por parte da asociación de espectadores/usuarios Compostela Cultura [pendente de constituír proximamente], unha por parte das asociacións profesionais [asocaición de actores, compsñías de teatro, músicos ao vivo, artistas visuais, etc.] con presenza en Santiago de Compostela.
Redacción definitiva: O/A alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, cinco concelleiros/as, dúas persoas profesionais do ámbito da cultura con experiencia en xestión e innovación cultural, dous representantes das entidades patrocinadoras, unha persoa representante da asociación de espectadores/usuarios Compostela Cultura, unha persoa representante daa asociacións profesionais con presenza na cidade e o/a Director/a Xerente. En calquera caso, o/a Concelleiro/a de Cultura será membro do Consello Reitor.

**Artigo 8.** A duración do mandato dos membros do Consello Reitor será a seguinte:

- Mantense o referido a concelleiros/as e representantes das entidades patrocinadoras.
- Modifícase: Os membros profesionais do ámbito da cultura e representantes do tecido asociativo terán unha duración de tres anos.

**Artigo 11. 3.** Da Comisión Executiva.

· Redacción definitiva: En calquera caso, terá competencia para desenvolver a programación conforme as liñas xerais acordadas polo Consello Reitor e para contratar até a cantidade máxima de 100.000 euros, dando conta posteriormente ao Consello Reitor.

**CAPÍTULO IV.**
**DO/A DIRECTOR/A XERENTE**
**Artigo 12. 1**

h) Terá competencia para contratar até os 18.000 euros, dando conta ao Consello Reitor.

**Artigo 12. 2** Redacción definitiva:

O nomeamento do/a Director/a Xerente farase da seguinte maneira:

a) A selección da persoa responsable da dirección-xerencia levarase a cabo mediante convocatoria pública por procedementos que garantan a publicidade e concorrencia. Terá a consideración de persoal directivo profesional dacordo co establecido no artigo 13 do Estatuto Básico do Empregado Público, vencellado ao Organismo Autónomo por unha relación laboral especial de alta dirección..